



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

Malpica - Malpica de Bergantiños, 1980-03


Informante: Sebastián Rois Porto (marineiro, 64)

Compiladora: Dorothe Schubarth



Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

208

Malpica. Marzo 1980.



As estrofas 6-8 corresponden ás estrofas 2-4
variantes estróficas:



Ponteceso III,1,325. Sebastián 64.

L: 2316.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



2316

Hai mulleres inviciadas
qu' hasta non fan de comer,
teñen os fillos na cama
e a casa por barrer.

Outras din que van po río
por dous pañales lavar,
van a ver se encontran outras
con quen a lingua rascar.

Alí descubren a vida
desde que Cristo nació
non teñen de quen falar
falan de quen as pariu.

¡Muller, muller,
deixa esa mala vida,
mira qu' así vas perdida,
así non queiras facer!

Marcha o home para o mar
con boroa escarolada
ela que queda na casa
do bo non lle falta nada.

Compran ovos, pan e viño
e traill' o leite a leiteira,
botan un pernil na pota
a máis patacas enteiras.

E cheg' o home do mar:
“Eu non sei qu' hei de facer,
non teño ánimo ningún
tou desde onte sin comer.”

¡Muller, muller,
non seas tan sinverghüenza,
ten un pouco de concencia
faill' ó home de comer!